



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2008

O día 28 de outubro de 2008, ás 10:00 horas en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [ANEXO I](#).

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior

Áprobase a acta da sesión ordinaria do Claustro, que tivo lugar o día 17 de abril de 2008, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña, coa debida antelación, para a súa consulta por parte dos membros do Claustro.

2. Informe do Reitor

Toma a palabra o Sr. Reitor para se referir a catro aspectos que coida son de interese para o Claustro. En primeiro lugar, informa de que a Comisión Electoral aprobou o día 23 deste mesmo mes de outubro o calendario electoral para as convocatorias que temos pendentes. Sinala que a representación do estudantado neste Claustro ten que se renovar, por mandato legal, cada dous anos, período que está xa a piques de se cumprir. Agás atrancos imprevistos, o Consello de Goberno aprobará, na súa xuntanza de pasadomáñá, a convocatoria de eleccións no sector estudantil para o 4 de decembro. Por suposto, quere agradecer o seu traballo e a súa colaboración aos claustrais saíntes. Nesa mesma data, o 4 de decembro, xoves, está prevista tamén outra convocatoria. Trátase da renovación dos representantes de todos os sectores nas xuntas de centro e de departamento, xa que remata o seu mandato de catro anos.

En segundo lugar, tamén fai unha consideración sobre os traballos para a transformación das nosas titulacións e a súa adaptación á estrutura de graos e posgraos. Reitera agora a súa satisfacción persoal e a do equipo de goberno polo intenso traballo que se está realizando en todos os centros para levar adiante este proceso que, como saben ben, estase a facer en todas as universidades españolas. Na Universidade da Coruña xa hai estudantes cursando este ano dous graos: o de Terapia Ocupacional e o de Socioloxía. Estase en plena fase de transformación das titulacións que hai. Xa pasaron o período de alegacións outros 23 novos graos que seguirán o percorrido

establecido pola Comisión de Planos de Estudos, o Consello de Goberno, o Consello Social e a autorización da Consellería de Educación para remitilos á ANECA antes da data tope establecida no 15 de decembro. Os graos que se aproben nesta remesa comezarán a se impartir no curso 2009-2010.

Un terceiro apuntamento para se referir á cuestión delicada do financiamento, non só da nosa universidade, senón no seu conxunto, das tres que conforman o sistema universitario galego. Como é sabido, está en vigor un Plano de financiamento que ten establecida a súa data de remate para o famoso ano 2010. Nos últimos meses, a Consellería de Educación dera os primeiros pasos –uns primeiros pasos tímidos– para negociar o novo plano que deberá chegar ata o 2015, co obxectivo de que entrase en vigor xa en 2009. Polas razóns que fosen e que probablemente teñan moito que ver co clima imperante de crise, non foi posible. Igualmente, en materia de financiamento sinala que a nosa universidade ten o rumbo moi claro, o barco moi estabilizado e o temón moi firme. Por iso, como dixo no discurso de apertura do curso 2008-2009, preocupa máis o como que o cando. Quere que se negocie un novo plano sen apresuramentos e consensuado nos seus indicadores. Aí, e en atención aos resultados da xestión feita nestes anos polo equipo de goberno, radica a clave das negociacións previstas para os próximos meses. A Universidade da Coruña está saneada e fíxose unha xestión eficiente da que, se cadra, non todo o mundo pode presumir. No seguinte punto da orde do día recibirán os membros do Claustro cumprida información da liquidación do orzamento de 2007, onde se plasma en cifras o que se lles está a dicir. Xa que logo, esixírase un desenvolvemento equilibrado –repíte, equilibrado– do sistema universitario galego. Xunta e universidades acordaron, nunha xuntanza que tivo lugar a semana pasada, acelerar a negociación do novo plano de financiamento nun clima sereno, que boa falta fai e que deberá sortear a axitación intrínseca á convocatoria de eleccións autonómicas para a primavera vindeira. Desde logo, non é unha boa noticia que se decida adiar o obxectivo do 1% para investimento en educación superior. Afirmo que non será quen de negar a incidencia da crise económica, mais a Universidade da Coruña loitará contra calquera intento de facer pagar erros e desfeitas de que non somos responsables. Xa o dixo tamén cando a Universidade da Coruña se posicionou contra a suba das taxas dos estudantes so pretexto da presunta escaseza de financiamento. Con este panorama, urxía resolver a cuestión inmediata do financiamento de 2009. Oito de cada dez euros destinados ás universidades están en función de como varíen os ingresos non financeiros da Xunta. A caída das previsións do Goberno galego deixounos nun certo desamparo, suplido en parte coa achega, comprometida polo presidente Touriño, de 15 millóns complementarios. Con esta situación de indubidable fortaleza interna e de

temperada atmosfera externa vanse enfrontar as transformacións de toda índole que esixe a adaptación da UDC ás directrices do chamado Proceso de Boloña que, non se esqueza, é o gran reto e no que temos que centrar a nosa acción de goberno a curto prazo. Insiste, terán ampla e detalla información deseguido, ao tratar os puntos sobre a liquidación do orzamento de 2007 e, sobre todo, no establecemento das liñas xerais das programación plurianual e orzamentaria que fará o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, D. Ángel Fernández Castro.

E, xa para rematar, salienta que cando se celebrou o último Claustro aínda non fora nomeado polo presidente da Xunta de Galicia o novo presidente do Consello Social, D. Antonio Abril, en substitución de D.^a Felipa Jove, que cesou por petición propia. O señor Abril é un bo coñecedor da Universidade, en xeral, e do Consello Social en particular, xa que pertencera a el durante moitos anos.

3. Informe sobre a liquidación do orzamento 2007

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, quen presenta o informe sobre a liquidación do orzamento 2007, que figura no enderezo

<http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/documentos/intranet/liquidacionejercicio07.pdf>

Comeza a súa intervención indicando que, nunha primeira análise cualitativa, se pode cualificar a liquidación de 2007 como boa. Boa porque é equilibrada conforme a Lei de estabilidade orzamentaria e mantén un remanente non afectado positivo por segundo ano consecutivo, mantén, por tanto, a tendencia de 2006. A liquidación é boa por motivo da súa preparación, xa que o orzamento foi elaborado con rigor e executado baixo o principio de máxima prudencia e realismo. O resultado final é que se evitan tensións de tesourería e se posibilita unha política de pagamentos áxil.

A nivel cuantitativo, na banda dos gastos, indica que se recoñeceron obrigas por importe de 116 millóns de euros, destes, a 31-12-2007, realizáronse pagos por importe de 114 millóns de euros, quedando a esta data pendentes de pago 2 millóns de euros que, na actualidade están integramente pagados. Esta pequena cantidade pendente a 31 de decembro débese á importante cantidade de documentos contables que entran no mes de decembro nos servizos de Intervención e Xestión Financeira (varios miles), que imposibilitan a súa tramitación no exercicio. Por tanto, quedou pendente de pagamento unha cantidade pequena e isto foi por temas de tramitación de datas, non de falta de liquidez. A nivel de ingresos recoñecéronse dereitos por importe de 134 millóns de euros, conseguindo recadar, a 31 de decembro de 2007, 119 millóns de euros. Estes dereitos recoñecidos están contabilizados dun xeito prudente, proba disto é que dos

15 millóns de euros a data actual só quedan pendentes de cobro 4 millóns de euros, todos eles perfectamente cobrables e na súa práctica totalidade pendentes de administracións públicas. Respecto das modificacións orzamentarias, fixéronse incorporacións por importe de 13,4 millóns de euros, dos cales 10,7 millóns corresponden aos artigos 62 e 64. Así mesmo, xeráronse créditos por importe de 24 millóns de euros, dos cales 19,6 millóns de euros corresponden aos anteditos artigos 62 e 64.

A liquidación é consecuencia dos principios inspiradores da liquidación que son o equilibrio, o realismo e a máxima prudencia. A xeito de repaso de conceptos, lembramos que o saldo orzamentario é a diferenza entre os 7 primeiros capítulos de ingreso e de gasto (do orzamento do exercicio). Este resultado é sen ter en conta a variación de activos e pasivos financeiros. O remanente de tesourería é o resultado sumar aos dereitos recoñecidos pendentes de cobro os fondos líquidos en tesourería e detraerlles as obrigas pendentes de pagamento. O remanente de tesourería calcúlase en termos de obrigas (fase contable O) e engloba o orzamento corrente e os exercicios pechados. A Universidade da Coruña obtivo en 2007 un resultado positivo por cuarto ano consecutivo, e un remanente de tesourería non afectado positivo por segundo ano consecutivo. As consecuencias son que se obtivo una liquidación boa, equilibrada, que representa a imaxe fiel e elaborada baixo o principio de prudencia.

Como conclusións indicar que esta liquidación lle dá estabilidade á institución, facilita acudir a fondos externos que precisan cofinanciamento, posibilita negociar sen urxencias e permite afrontar con máis garantías o bienio 2009-2010, que se presenta orzamentariamente complexo.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor sinala que este punto está directamente relacionado co seguinte punto da orde do día, razón pola que propón que o debate e a aprobación, se proceder, deste punto terceiro se realicen precisamente no punto cuarto, mais sempre e cando ningún membro do Claustro se opoña. Sen se rexistrar ningunha intervención en contra, apróbase a proposta do Sr. Reitor.

4. Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, que presenta a programación plurianual e orzamentaria 2009-2010, que figura no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/intranet/ProgramacionPlurianual200910.pdf>. Sempre segundo o Sr. Vicerreitor, a diagnose global, tendo en conta tanto factores externos como internos, é que, malia o contexto desfavorable, o rigor

orxamentario dos últimos exercicios xerou capacidade para seguirmos avanzando no próximo bienio no reto da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, cun programa de investimentos en recursos humanos e infraestruturas. Non obstante, sinala tamén que isto non pode facer esquecer as importantes necesidades da institución, que non son outras que as relativas á existencia dun déficit histórico de infraestruturas, que só se poderá emendar dispoñendo de financiamento específico. E neste sentido, os recursos por estudante sitúannos na cola das universidades do Estado nas transferencias da administracións educativa por estudante.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor toma a palabra para sinalar que se abre a quenda de intervencións para que os membros do Claustro poidan manifestar o que estimen máis oportuno a respecto dos puntos terceiro e cuarto da orde do día.

Toma a palabra o Sr. Pazos Sierra, quen inicia a súa intervención cunha serie de consideracións a propósito de cuestións relacionadas con actividades específicas da Xerencia e con certa publicidade do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE), que non comparte. A continuación, centra a súa intervención nos datos relativos á matrícula de estudos correspondente ao ano 2007, que espera que non sexan iguais para o ano 2008. Logo trata o tema da investigación, cuxos investimentos propios e externos deben provocar cando menos certa preocupación, dándolle conta aos membros do Claustro das resolucións da Xunta de Galicia en materia de subvencións de proxectos de investigación, en que a Universidade da Coruña só vai obter unha quinta parte do total das axudas económicas. Trátase dunha situación que se agrava non só polo feito de que haxa poucos recursos propios, senón tamén porque ademais existen enormes dificultades internas para a xestión destes proxectos de investigación. Considera que todo isto desincentiva a investigación, razón pola que reitera a súa preocupación e declara non poder compartir o optimismo do Sr. Vicerreitor. Remata a súa intervención valorando os investimentos destinados ao persoal docente e investigador, ao persoal de administración e servizos e ao estudantado, tendo en conta para tales efectos a media do Estado.

Toma a palabra o Sr. López Pereira, quen agradece a presentación deste informe e de todos os datos que neste se conteñen e que non cuestiona, porque non ten outros criterios para proceder ao seu contraste. Na súa intervención insiste igualmente no tema do estudantado como criterio sintomático disto, que a nivel galego baixa, razón pola que semella non casar co que pasa na Universidade da Coruña. A respecto da liquidación, coida que é beneficioso o feito de que haxa remanente, aínda que tamén

considera oportuno alertar dos prexuízos desta situación, na medida en que se pode dar a entender que na Universidade da Coruña o diñeiro chega, razón pola que non se necesitan máis achegas económicas, e tamén que o remanente existe porque non se executa o que está orzado. Remata a súa intervención realizando unha serie de consideracións sobre a necesidade de pechar canto antes o tema negociación do plano galego de financiamento das universidades nesta época de crise, interesándose pola parte que lle debe corresponder á nosa universidade.

Toma a palabra o Sr. Rego Veiga, quen comeza a súa intervención amosando a súa satisfacción polo feito de que, por vez primeira, os membros do Claustro van poder decidir sobre as liñas de programación plurianual e orzamentarias, que é algo que trae causa da reforma parcial dos Estatutos da Universidade da Coruña. Ademais, tendo en conta os datos, considera que a xestión do equipo de goberno é realmente boa. Remata a súa intervención indicando, a respecto da negociación do plano de financiamento ao que antes se facía alusión, que as présas aquí non son boas, e a respecto do remanente, que a súa existencia non obedece a que non se executa o que se orza, senón, pola contra, a que se sabe executar correctamente.

Toma a palabra o Sr. González Penedo, quen pide na súa intervención certa celeridade na execución en materia de infraestruturas, especialmente nas obras que afectan os centros de Informática e Camiños.

Toma a palabra o Sr. Fernández Cervantes, quen se interesa sobre a posibilidade de considerar como un criterio específico de financiamento da infraestrutura dos centros o rendemento académico, tendo en conta que cuestións tales como a informática, o aloxamento do profesorado, os laboratorios de investigación e as aulas son cuestións de calidade que van incidir logo para a incorporación no mundo do traballo.

Toma a palabra o Sr. Acosta Vigo, quen se interesa polo proxectos relacionados coas obras previstas para o Sánchez Aguilera.

Toma a palabra o Sr. González López, quen centra a súa intervención nas achegas económicas que veñen a través dos proxectos de investigación formalizados ao abeiro da sinatura de convenios. O Sr. Pazos Sierra toma de novo a palabra para sinalar que hai que falar de financiamento en proxectos de investigación en convocatorias competitivas e non a través de convenios, que é algo sobre o que tamén insiste o Sr. Reitor.

Logo de rematada a quenda de intervencións, toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen lles agradece aos membros do Claustro que fixeron uso da palabra tanto o ton como o contido das súas intervencións. En resposta ao Sr. Pazos Sierra, sinala que en ningún momento quixo transmitir unha sensación de optimismo, senón de certa tranquilidade atendendo aos datos económicos, en tanto que tales datos permiten cuantificar a realización de determinado tipo de proxectos. De feito, sinala o Sr. Vicerreitor, non hai optimismo na súa intervención e si descrición de como están as cousas cando afirma que os recursos por estudante nos sitúan na cola das universidades do Estado nas transferencias da administracións educativas por estudante. En resposta ao Sr. López Pereira, sinala que o principio que se debe ter en conta é o de prudencia, e valora positivamente os niveis de execución baseándose na súa evolución histórica e no contexto actual. En resposta ao Sr. González Penedo, sinálalle que xa teñen orzado cantidades para a realización das obras a que fai mención con fondos propios e que xa están incoados os procedementos esixidos para tales obras, cuxo tempo de materialización abrangue até o ano 2010 nunha previsión realista. En resposta ao Sr. Fernández Cervantes, indícalle que a prioridade neste momento vai estar nas necesidades docentes dos centros, aínda que tampouco se desbotan criterios tales como o relativo á calidade, e outros sistemas de reparto, pois igualmente poden servir e axudar se así o demanda o proceso de implementación do Espazo Europeo de Educación Superior. En resposta ao Sr. Acosta Vigo, sinálalle que aquí aparecen orzados os compromisos de investimento con fondos propios e non alleos para a materialización dos proxectos en relación co Sánchez Aguilera. O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica remata a súa intervención agradecendo de novo o interese e o ton empregado polos membros do Claustro nas súas intervencións.

Antes de se proceder á votación, o Sr. López Pereira anticipa que se vai abster, alegando para tales efectos que non ten a información suficiente para saber se o Sr. Reitor podía ter feito máis para mellorar a situación descrita polos datos aquí ofrecidos. O Sr. Pazos Sierra anuncia que vai votar en contra porque non queda claro o tema do financiamento de investigación con fondos propios

Con 93 votos a favor, cinco votos en contra e 13 abstencións, apróbanse o informe sobre a liquidación do orzamento 2007 e a programación plurianual e orzamentaria 2009-2010.

5. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Otero Otero, quen critica que o día fixado para a realización das eleccións a órganos colexiados sexa o 4 de decembro, pois non vai garantir a participación do estudantado, considerando que a data para votar debería ser en febreiro, que é cando está pechado o prazo para a matrícula e o estudantado de recente incorporación xa coñece mellor a universidade. Remata a súa intervención demandando maior limpeza nos campus, pois están cheos de lixo. En resposta, o Sr. Reitor sinálalle que a data das eleccións é a que se considerou como a máis axeitada e que foi fixada así por instancia da Comisión Electoral. En relación coa limpeza, o Sr. Reitor infórmao de que xa fixeron as xestións necesarias coas empresas que teñen a concesión para evitar situacións como as descritas polo Sr. Otero Otero.

Toma a palabra a Sra. Fraga Mosquera, quen respecta a liberdade de expresión e a liberdade de cátedra do Sr. Castellano Ríos, mais non comparte o afirmado por esta persoa na apertura do curso académico 2008-2009, indicando que o labor do estudantado e do persoal de administración e servizos de universidade son esenciais para un funcionamento democrático da universidade. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que na Universidade cada un é responsable das súas opinións e que todas as opinións son válidas, aínda que non se teñen que compartir necesariamente, que é algo que se pode apreciar no discurso que pronunciou o Sr. Reitor logo da intervención do Sr. Castellano Ríos, en que se defende unha universidade pública e de calidade.

Toma a palabra o Sr. García Camba, que se reitera no afirmado pola Sr. Fraga Mosquera na súa intervención e se interesa polo funcionamento da reprografía dalgúns centros, especialmente o da Escola Técnica Superior de Arquitectura. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que o tema dos servizos de reprografía pode complicarse nalgúns casos, aínda que se están a tomar as medidas necesarias para corrixir disfuncións.

Toma a palabra o Sr. Pérez de Castro, quen considera que as cuestións de imaxe son realmente importantes para a Universidade da Coruña, razón pola que considera que a páxina web da nosa universidade necesita un novo formato. Igualmente, evidencia na súa intervención o emprego de software privativo cando debería ser libre. Remata a súa intervención criticando que se teñan que pagar os selos da notificación para retirar o título oficial da titulación na Facultade de Dereito, e tamén a falta de coñecemento dos procedementos de xestión académica nalgúns centros, como o de Informática. O Sr. Reitor tamén comparte a idea de que imaxe é moi importante e sinálalle que xa están adoptando as medidas para cambiar a

páxina web. En relación co tema dos selos, dille que se poden buscar solucións.

Toma a palabra o Sr. Pachón Moreno, quen demanda o cumprimento da parte do programa do Sr. Reitor relacionada co estudantado, en cuestións tales como o envío de notas polo sistema SMS, o transporte, os bonos de comida, as melloras das comidas nos comedores universitarios e os servizos de correo da unidade electrónica. O Sr. Reitor indícalle que tales medidas están efectivamente no seu programa e que as vai levar á práctica.

Toma a palabra a Sra. Castro Pousa, quen considera que o actual funcionamento da liña de transportes desde a cidade até os centros non é boa, pois o número de autobuses é escaso e a frecuencia no itinerario moi reducida. Remata a súa intervención incidindo en cuestións económicas relacionadas co sobre da matrícula, que poderían evitarse substituíndo o sistema actual dos sobres, e tamén en cuestións relacionadas coa cultura da reciclaxe, aconsellando a instalación de papeleiras específicas para tales efectos.

Toma a palabra a Sra. Traba Pérez, quen comparte as opinións da Sra. Fraga Mosquera e do Sr. García Camba a respecto da lección impartida polo Sr. Castellano Ríos, que considera moi desafortunada. Non comparte as opinión do Sr. López Pereira. Interésase polo futuro da impartición do Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP) e remata a súa intervención solicitando o soterramento das liñas de alta tensión que discorren pola Facultade de Filoloxía. O Sr. Reitor sinálalle a propósito do CAP que se vai deixar de impartir e que vai ser substituído por un mestrado interuniversitario, que deberá ser logo verificado. Cando teña máis información sobre este tema concreto fará todo o posible para que a comunidade universitaria teña coñecemento das novas.

Toma a palabra o Sr. Vidal Ríos, quen considera necesario mellorar a Secretaría Virtual, en que se rexistran moitas queixas polo seu funcionamento actual.

Toma a palabra o Sr. Arrojo Fernández, quen se interesa pola existencia de ximnasios propios nas instalacións da Universidade da Coruña. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que proximamente se vai abrir nas instalacións deportivas de Elviña.

Toma a palabra o Sr. Fernández Martínez, quen se interesa pola apertura das bibliotecas durante 24 horas en épocas de probas académicas, tal e como se está a facer noutras universidades, concretamente a de Valladolid. Remata a súa intervención dando conta de certos problemas de información

que padece o estudantado do centro adscrito de Relación Laborais a respecto da situación económica deste centro, que o propio estudantado financia coas súas matrículas, poñendo como exemplo o despedimento dunha persoa que traballaba na biblioteca e a súa substitución nas súas funcións por outra persoa que é docente. En resposta, o Sr. Reitor agradácelle a información sobre a Universidade de Valladolid, cuxo modelo xa coñecía, como tamén os problemas que xurdiron. Sinálalle que se trata de medidas que teñen un custo económico enorme, por esta razón a súa implantación debería ser progresiva e condicionada a moi diversos factores.

Toma a palabra a Sra. González Martínez, quen afirma que non é certo que o estudantado teña que pagar no centro dous euros en selos para poder retirar o título de licenciado en Dereito. Explica que hai un sistema para lle notificar á persoa interesada que o título xa está á súa disposición no centro, que podería ser asumido pola propia Universidade se así o decidise. Igualmente, considera que debería mellorarse a atención aos alumnos nos centros con persoal cualificado, pois hai certas cuestións de xestión académica de que non poden informar os auxiliares administrativos.

Toma a palabra a Sra. Merino de Cáceres, quen considera que o negociado de investigación, que é vital, debería funcionar mellor na xestión económica dos proxectos. Remata a súa intervención pedindo melloras na marquesiña e no paso de peóns da Facultade de Ciencias. En resposta, o Sr. Reitor recoñécelle que, en ocasións, houbo certas complicacións no funcionamento do negociado de investigación, que traen causa de certas baixas laborais do persoal de administración e servizos, que non puideron ser cubertas coa celeridade desexada.

Toma a palabra o Sr. Acosta Vigo, quen dá conta da situación do estudantado da Escola Universitaria Politécnica, trasladando certas peticións destes para mellorar a seguridade e a vixilancia en Serantes, para incrementar o número de ordenadores da aula net deste centro, para evitar o dilatación dos anos de estudos polo índice elevado de suspensos en certas materias e para mellorar o transporte público en todos os sentidos, incluídos os relativos aos horarios. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que xa ten coñecemento destas cuestións e que se están tratando de solucionar falando directamente coas entidades e coas persoas implicadas, aínda que non sempre sexa fácil, como é o caso dos transportes e das obras necesarias para mellorar a comunicación con Serantes.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 15:00 horas.